Consello Social
Universidade de Vigo

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO CONSELLO SOCIAL DO 29.04.2025**

**LUGAR**: Sala II do edificio Miralles do Campus de Vigo
**DATA**: 29.04.2025

**HORA DE COMEZO**: 12:00 h.
**HORA DE REMATE**: 13:00 h.

**LISTA DE ASISTENTES:**

Pedrosa Silva, Ernesto (presidente)
Bravo Bosch, María José
Castro Mouzo, Mercedes
Cendón Alonso, María Teresa
Ortiz Álvarez, Ana María

**NON ASISTIRON:**

Blanco Gómez, César
Crespo Tobío, Silvia
López Fernández, Yolanda

**SECRETARIO:**

Rodríguez Iglesias, Ignacio

O martes, día 29 de abril de 2025, ás 12:00 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

**ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20.02.2025).
2. Informe do presidente.
3. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización dun congreso internacional sobre Economía Social e Cooperativismo (EESCOOP 2025).
4. Acordo que proceda sobre a petición de apoio a actividades de promoción de emprego, dentro do VII Congreso de *Marketing* "FLÚOR", en Pontevedra.
5. Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para a organización da MEGAU 2025: Mellores Expedientes de Galicia para o Acceso á Universidade, prevista en Vigo.
6. Acordo que proceda sobre a axuda excepcional solicitada polo Coro senior do campus de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da elaboración dun estudo sobre a oferta e a demanda de aloxamentos para universitarios no ámbito dos tres campus da Universidade de Vigo: identificación de necesidades, estratexias, modelos e proposta de solución. Dotación económica.
8. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para financiar a Xornada sobre "Avances e desafíos na protección das vítimas de violencia sexual e de xénero", na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
9. Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a organización do II Congreso internacional "A protección do ordenamento xurídico das mulleres en situación de vulnerabilidade".
10. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Asociación de amigos e antigos alumnos da Universidade de Vigo.
11. Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para posibilitar a participación do equipo PTXAS da Universidade de Vigo no campionato nacional de fútbol-sala universitario.
12. Aprobación, se procede, en caso de ser preciso e por causa xustificada, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2025/2026, da que dará conta á maior brevidade.
13. Rogos e preguntas.

---

*Agradece o presidente a asistencia das presentes e anticipa que con criterio xeral as axudas que se propoñan estarán na banda máis baixa, por razóns orzamentarias do exercicio.*

**PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20.02.2025).*

- ***Apróbase por asentimento.***

**PUNTO 2**

*Informe do presidente.*

Ernesto Pedrosa dá conta da documentación recollida neste punto, principalmente da relación de axudas concedidas ata o momento pola comisión e o pleno.

**PUNTO 3**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para a organización dun congreso internacional sobre Economía Social e Cooperativismo (EESCOOP 2025).*

Resume o presidente que persoal da UVigo organiza o VIII Congreso internacional, un evento que acolle a investigadores de universidades españolas e estranxeiras, con diferentes perfís que traballan no eido das ciencias sociais, que se reunirán na illa de San Simón para compartir experiencias e coñecementos. Dirixido por profesores da Facultade de Comercio, o encontro está aberto tamén a administracións e a organizacións públicas e privadas vinculadas á economía social. Terá un aforo presencial limitado a 120 persoas, e todas as mesas e sesións serán retransmitidas en directo e gravadas.

- ***Apróbase unha axuda de 1.500 €.***

**PUNTO 4**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio a actividades de promoción de emprego, dentro do VII Congreso de Márketing "FLÚOR", en Pontevedra.*

Organizado polo Clúster da Comunicación de Galicia, o Congreso Atlántico de Márketing Dixital "Flúor" afonda na creatividade como unha das fortalezas do Campus Crea e dá visibilidade ao Campus de Pontevedra. Focalízase como unha plataforma que conecta, identifica e mostra o talento dixital máis importante de España. Os organizadores prevén a presenza dunhas 600-800 persoas, entre empresarios, profesionais e estudantes, ademais dun público dixital potencial de 60 mil persoas. Tendo en conta o importe da axuda concedida na edición anterior,

- ***Apróbase unha aportación de 1.100 €.***

**PUNTO 5**

*Acordo que proceda sobre a colaboración solicitada pola Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para a organización da MEGAU 2025: Mellores Expedientes de Galicia para o Acceso á Universidade, prevista en Vigo.*

A UVigo organiza a MEGAU 2025, o acto no que se congregan os mellores expedientes de Galicia de acceso á universidade pública galega, no que o alumnado e as familias que se recoñecen na excelencia académica, se achegan ao mundo universitario, á súa oferta e ás súas mensaxes a través dos reitores. Cunha duración de cinco horas, dende a apertura ata o peche das portas do pavillón que acolle o evento, e unha asistencia estimada de milleiros de persoas, preséntase como unha gran oportunidade de atraer a futuros universitarios. A petición da Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade,

- ***Apróbase unha aportación de 5.000 €.***

**PUNTO 6**

*Acordo que proceda sobre a axuda excepcional solicitada polo Coro senior do campus de Vigo.*

Explica o presidente que, con preto de medio cento de compoñentes, vencellados a maioría ao Programa de Maiores do Campus de Vigo, e con máis de 25 concertos anuais, o conxunto coral participa de xeito gratuíto nos actos solemnes da UVigo e colabora noutras iniciativas universitarias. Os talleres de formación, os obradoiros de técnica vocal e auditiva e a vestimenta son parte dos seus gastos, que en 2024 superaron os 19.000 €, e aos que fan fronte con cotas e axudas externas. Solicitan unha axuda excepcional ao Consello Social para formación extra: lectura de solfexo e técnica vocal, perfeccionamento e carpetas de concerto.

- ***Apróbase unha aportación de 5.000 €.***

**PUNTO 7**

*Aprobación, se procede, da elaboración dun estudo sobre a oferta e a demanda de aloxamentos para universitarios no ámbito dos tres campus da Universidade de Vigo: identificación de necesidades, estratexias, modelos e proposta de solución. Dotación económica.*

A dicir do presidente, o acceso a un aloxamento axeitado cando se accede á universidade, é un elemento clave na equidade, o benestar e a rendibilidade académico do alumnado. Dispor dunha vivenda accesible e de calidade non só facilita a igualdade de oportunidades e a integración na vida universitaria, senón que tamén inflúe na permanencia e no éxito académico, na captación de estudantado internacional e mesmo nos programas de intercambio e na mobilidade dos xoves. Este estudo ten como obxectivo analizar a situación actual da oferta e a demanda de aloxamento na UVigo (con probada insuficiencia de residencias e espazos de acollida), considerando cada campus en concreto e indagando nos modelos implementados noutras universidades españolas e europeas, nos que o interese de distintos xestores de inversión empezan a albiscar un florecente negocio.

- ***Apróbase unha aportación de 9.000 € + IVE.***

**PUNTO 8**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para financiar a Xornada sobre "Avances e desafíos na protección das vítimas de violencia sexual e de xénero", na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.*

Debaterá sobre as últimas reformas legais e establecerá o itinerario xurídico necesario para cumprir as expectativas. Dirixida ao alumnado de titulacións con interese en temas de igualdade, operarios xurídicos e público en xeral, a Xornada "A lei de eficiencia procesual: avances e desafíos na protección das vítimas de violencia sexual e de xénero", ten como obxectivo estudar as liñas definidoras e a ampla problemática que afecta ás desigualdades entre homes e mulleres dende unha perspectiva clínica, xurídica e psicosocial no eido da xustiza.

- ***Concédese unha axuda de 1.000 €.***

**PUNTO 9**

*Acordo que proceda sobre a solicitude de apoio para a organización do II Congreso internacional "A protección do ordenamento xurídico das mulleres en situación de vulnerabilidade".*

O II Congreso internacional desenvolverase durante tres días, en modalidade online e fisicamente na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Porá de manifesto como o dereito é esencial para garantir a igualdade real entre mulleres e homes. O público poderá presentar traballos e comunicacións e o estudantado terá acceso a un coñecemento especializado e actual, poderá comprender a temática dende diferentes perspectivas xurídicas, contactar con expertos ou complementar a formación teórica recibida nas aulas.

- ***Apróbase unha axuda de 2.500 €.***

**PUNTO 10**

*Acordo que proceda sobre a axuda solicitada pola Asociación de amigos e antigos alumnos da Universidade de Vigo.*

A Asociación que preside o ex-membro do Consello Social José María Franco, segue a desenvolver diversas actividades para as que solicita apoio económico en distintos ámbitos, dadas as súas dificultades de financiación. Máis concretamente pretende recuperar a publicación da veterana revista Tres Campus, que suspendeu por falta de recursos, e para o que pide a presente axuda. Solicítase documentación máis concreta sobre as publicación, contados e datas.

- ***Apróbase unha aportación de 1.500 €.***

**PUNTO 11**

*Acordo que proceda sobre a petición de apoio económico para posibilitar a participación do equipo PTXAS da Universidade de Vigo no campionato nacional de fútbol-sala universitario.*

A petición contribuirá á participación da UVigo no campionato nacional de fútbol sala do PTXAS universitario, torneo cun regulamento e comité de competición propios, no que compiten dez universidades e outras tres están en lista de agarda. Dispútase de xeito itinerante (en 2023 foi organizado no Campus de Ourense e nesta edición terá como sede a universidade das Illas Baleares), e a actividade deportiva complementase co intercambio de experiencias e a apertura de canles de colaboración entre institucións. A petición da Secretaría Xeral, e tendo en conta o importe da axuda concedida en 2024,

- ***Apróbase unha aportación de 1.600 €.***

**PUNTO 12**

*Aprobación, se procede, en caso de ser preciso e por causa xustificada, da delegación no presidente do Consello Social da distribución previa das Bolsas-colaboración para o curso 2025/2026, da que dará conta á maior brevidade.*

O presidente xustifica a petición pola imprevisibilidade da data na que se fai a convocatoria dende o Ministerio e polos curtos prazos nos que se desenvolve, co obxectivo de evitar un incumprimento dos prazos dado que serían motivo para excluír das axudas á UVigo. Esta primeira distribución serve como rexistro obrigado para inscribir o número de solicitudes de bolsas previstas por cada departamento. Posteriormente a convocatoria será resolta de xeito definitivo en outubro, cando se ponderen os méritos dos departamentos inscritos e das candidaturas do alumnado admitido. A decisión será comunicada ao pleno á maior brevidade posible.

- ***Apróbase por asentimento.***

**PUNTO 13**

*Rogos e preguntas.*

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 29 de abril, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Ernesto Pedrosa Silva
(Asinado dixitalmente)

ERNESTO PEDROSA SILVA
Firmado digitalmente por ERNESTO PEDROSA SILVA
Fecha: 2025.09.11 19:11:00 +02'00'

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)

RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Firmado digitalmente por RODRIGUEZ IGLESIAS IGNACIO - 34908420D
Fecha: 2025.09.11 21:29:30 +02'00'